



**B**envidos a todos a esta celebración do 25º aniversario do IES de MUGARDOS.

Dicía un clásico do século pasado “*que veinte años no es nada*”, pero aquí cumprimos 25 e iso si xa é algo. Este pequeno centro (en número de alumnos), actúa como vertebrador das mocedades de dous concellos: Ares e Mugardos. Aínda que son dous dos concellos máis pequenos, en extensión, de Galicia, podémonos gabar de ter proporcionalmente o maior número de titulados medios e superiores do país.

Supoño que nalgunha medida (quero crelo, ao menos) algo teremos que ver quen formamos parte do claustro de profesorado deste centro. Formamos un grupo estable maioritariamente que se ven mantendo ao longo dos anos.

Unha das características máis salientables que podemos afirmar do profesorado deste instituto é a súa frenética actividade e o seu gusto desmedido polas reunións. Estas fanse puntualmente semana a semana, mes a mes, curso a curso... (se non ficamos satisfeitos cando remata unha reunión, ficamos para a mesma hora e día da semana seguinte e tan contentos). Quizais todo este afán veña dado polas variadas leis orgánicas que abranguen estes últimos 25 anos: Lei Orgánica Reguladora do Dereito á Educación (LODE, 1985), L.O. de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE, 1990), L.O. de Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Docentes (LOPEG, 1995), L.O. de Calidade da Educación (LOCE, 2002), L.O. de Educación (LOE, 2006)... e máis a que se está a cociñar na actualidade. En todas esas leis aparece unha palabra clave que resume o obxectivo de cada unha delas. Todas coinciden. A palabra é CALIDADE. Lograr a calidade do ensino, que repercuta na óptima formación do

alumnado. Nós, o profesorado deste instituto, influídos por ese optimismo contaxioso que irradian as devanditas leis, lanzámonos como posesos a mellorar a nosa calidade profesional. Xuntámonos neste claustro un selecto elenco de poseedores de doctorados, doctorandos, cátedras, segundas carreiras, especialidades varias, graos bolonios, exóticos idiomas, e mesmo temos tempo para publicar temas científicos e humanísticos en revistas especializadas. Por se todo iso fora pouco tamén realizamos cursos, cursiños, xornadas, formamos grupos de traballo, actualizámonos nas competencias básicas...

Co alumnado realizamos extras, como programas de idiomas, de melloras do éxito escolar, obradoiros das actividades máis diversas, clubs de lectura, campionatos que abranguen dende materias científicas a certames literarios... Temos seccións bilingües... (Ah! E para non perder contacto coa realidade tamén realizamos xiras polo entorno).

Tan frenética actividade pedagóxica non pasou desapercibida para os nosos xefes, para os de arriba, permitindo a algún de nós impartir ao alumnado materias alleas á nosa especialidade, sabendo da nosa extraordinaria valía e adaptación aos novos tempos.

Aquela famosa sentenza do máis reaccionario pensamento ultramontano: *“Lejos de nosotros la peligrosa novedad de discurrir”*, non vai connosco dende logo.

Pero o éxito de calquera institución non se debe nunca a un só factor, de aí o noso recoñecemento ao labor da ANPA, do persoal administrativo, e de servizos, e por suposto ao noso alumnado, fin último dos nosos desvelos.

E xa para rematar, creo que comparto con todos os compañeiros e compañeiras que están e aos que pasaron por aquí nestes 25 anos unha arela común, que esta profesión-vocación nosa é a luz que nos reconcilia decote coa Humanidade. E esa luz témola aquí dende hai 25 anos. Que dure!!!

**Juan A. Carneiro Rey**

*Profesor de Xeografía e Historia*